

BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO

Curso 2017/2018

CASO 681/458 Data 14/11/2017

Reclamante: PDI	Motivo	Unha bolsa de FPU do MECD, a quen lle foi concedida unha bolsa para unha estada de tres meses en EEUU, solicita que se lle diga a cantidade de diñeiro xusta que ten que devolver, ao ser hospitalizada nada máis realizar a viaxe de ida e ter que regresar ao cabo dun tempo para continuar un tratamento, sen mesmo ter ocasión de presentarse no centro de destino. Acode ao valedor universitario pois desde o Servizo de Investigación da UDC –en contacto co Ministerio–, dinlle que ten que devolver todo o diñeiro percibido pola bolsa agás o correspondente á viaxe, co tope de 1200 euros. Reclámanlle que, ademais do xustificante de ingreso hospitalario, achegue facturas da viaxe de ida e da viaxe de volta por separado. Sinala que o importe da viaxe de ida ía xa incluído na factura correspondente á viaxe de ida e volta adquirida conxuntamente antes de emprender a viaxe e que, ademais, tivo que comprar unha nova viaxe de volta para continuar a hospitalización en España.
Inicio: 16/11/2017		
Remate: 10/05/2018		
Actuacións		Servizo de Investigación e Subdirección Xeral de Formación do Profesorado Universitario e Atención a los Estudiantes – SXFPUAE (MECD).
Resolución		<p>Analizada a situación, en relación coa solicitude de axuda para que se ditamine a cantidade xusta que a interesada debería devolver por mor da imposibilidade xustificada de incorporarse ao centro de destino, entendo que deberían considerárselle non só os gastos das viaxes de ida e volta, mais tamén os correspondentes ao tempo que permaneceu no lugar de destino entre a ida e a volta. Así, o 23/11/2017 envío á interesada o escrito que deseguido reproduzo (en versión galega e castelá) por se desexa facelo valer ante o MECD en defensa dos seus dereitos:</p> <p>“En relación coa súa solicitude de axuda para que se ditamine a cantidade xusta que vostede debe devolver por mor da imposibilidade xustificada, por motivos de saúde, de levar a cabo a estada de investigación de tres meses na Universidade de *** para a que lle fora concedida unha bolsa polo Ministerio de Educación Cultura e Deporte, infórmoa do seguinte:</p> <p>A Universidade da Coruña encárgase da xestión das bolsas, pero está obrigada a facelo de acordo cos criterios que emanan do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e cumprindo con todos os requisitos formais que se lle requiren e que están suxeitos a auditoría.</p> <p>Ante unha situación excepcional como foi a súa, en que lamentablemente os acontecementos levaron a que vostede non tivera mesmo ocasión de incorporarse ao centro de destino, desde o Servizo de Investigación da UDC consultaron co Servizo de Xustificacións Económicas da Secretaría Xeral de Universidades do MECD. A resposta deste servizo, á pregunta de como proceder dado que vostede aboara xa os gastos de viaxe e tiña tamén gastos derivados da súa estancia entre a viaxe de ida e o seu regreso por motivos de saúde, concrétese o día 6 de novembro nos seguintes termos: “En el caso que nos presenta aceptaremos los gastos de viaje que justifique documentalmente, hasta el importe concedido, pero dado que no existe documento de incorporación al centro receptor no podremos aceptar gastos de estancia, por lo que puede proceder a su reintegro”</p> <p>Ao acceder o Servizo de Xustificacións Económicas do Ministerio ao aboamento do importe da viaxe ata o máximo de 1.200 euros establecido na bolsa, como era previsible, están aceptando de</p>

pleno que a súa incorporación ao centro de destino non puido materializarse por causas sobrevidas, plenamente xustificadas e claramente alleas á súa vontade. Por esta mesma razón, e tendo en conta que a súa situación clínica provocou que vostede tivese que permanecer por un tempo en EEUU sen poder incorporarse ao centro de destino ata que finalmente tivo que regresar a España para ser hospitalizada, entendo que o Ministerio debería facerse igualmente cargo dos gastos dese tempo de estancia a razón dos 44 euros/día previstos na bolsa. Trátase, en definitiva, duns gastos de permanencia en destino entre a viaxe de ida e a viaxe de volta cuxo aboamento si lle é recoñecido.

Na confianza en que as instancias competentes do MECD saberán valorar na súa xusta medida a súa situación e dar unha resposta positiva no referente tamén aos gastos derivados da súa permanencia en ***, recoméndolle que dirixa unha solicitude ao Ministerio neste sentido. De optar por iso, debería vostede enviarlles toda a documentación xustificativa da que dispoña, incluídos posibles correos electrónicos intercambiados entre vostede e/ou o seu director de tese con persoal do centro de destino, a respecto da súa non incorporación.”

A interesada presenta unha queixa ante a SXFPUAE e obtén unha resposta favorable, que se concreta en:

“En respuesta a la queja remitida se indica que la interesada tiene derecho al abono de los días que haya pemanecido en el lugar de la estancia siempre y cuando presente la correspondiente documentación justificativa”.

O 21/02/2018, a bolseira pídenos información sobre que documentación xustificativa precisa presentar, pois o asunto segue sen resolverse por parte do Servizo de Investigación da UDC. Desde a nosa oficina, contactamos directamente co Servizo de Xustificacións Económicas da SXFPUAE, reenviamos a súa resposta ao Servizo de Investigación da UDC e informamos á interesada.

O 10/05/2018, a xefa da Sección de Convocatoria e Axudas a Investigadores da UDC do Servizo de Investigación envíanos unha copia dun correo en que lle solicita ao Servizo de Xustificacións Económicas da SXFPUAE unha resolución formal pois, segundo a Xerencia da UDC, non abonda co correo remitido desde o Ministerio para poder aboarlle os gastos da estadía.

Curso 2015/2016

CASO 628/405 Data 21/04/2016

Reclamante: Alumno	Motivo	Excesiva tardanza no cobro dunha subvención do MEC que se encarga de aboar á Universidade, ao paralizarse o expediente por discrepancias sobre a aplicación ou non dun desconto do 15% do importe total en concepto de IRPF.
Inicio: 25/04/2016		
Remate: 05/05/2016	Actuacións	Normativa, Administración do centro e Xerencia.
	Resolución	Desde Xerencia comunicannos que contactaron co Servizo de Intervención a finais de marzo para interesarse polo asunto, pero que aínda non recibiran do centro ningún expediente de gasto ao respecto para tramitar. Visto o carácter e os fins deste tipo de subvencións (concorrenca en réxime competitivo e para sufragar gastos de viaxe, aloxamento e manutención en estadias de mobilidade), coincidimos coa Xerencia en que seguramente non procedería a aplicación da retención do IRPF. O asunto estaba a piques de dirimirse definitivamente, tras evacuar consulta do Ministerio e para gañar tempo, desde o Negociado de Asuntos Económicos do centro podían ir tramitando o expediente de gasto. Contactamos co negociado e deciden remitir o expediente sen IRPF directamente a Xerencia. Ao estar fóra do ano orzamentario

tiña que tramitarse por validación.

O 27/04/2016 comunicámonos de Xerencia que, en efecto, ao expediente non se lle aplica retención de IRPF e que lle van dar prioridade á súa tramitación.

O 05/05/2016 recibimos un escrito do xerente, quen nos comunica que o 29 de abril recibiron o expediente de gasto en Xerencia e que se puxeron inmediatamente en contacto co centro para que o alumno completase a documentación, achegando un documento que era preciso para proceder á tramitación do pagamento.

CASO 630/407 Data 04/05/2016

Reclamante: Alumna Motivo Asígnanlle unha universidade no programa internacional de mobilidade que decae na súa oferta da titulación solicitada para o vindeiro curso pero para a que lle ofertan unha titulación afín. No inicio: 05/05/2016 centro comunícanlle a posibilidade de asignarlle directamente outro destino (na universidade que pedira en primeiro lugar, que ía ter unha praza dispoñible) pero na Oficina de Relacións Internacionais (ORI) rexéitanlle esa posibilidade e dinlle que debe Remate: 31/05/2016 acudir á segunda convocatoria. Considera que a xestión por parte da universidade non foi a máis axeitada e pide amparo na procura dunha solución.

Actuacións Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación e ORI.

Resolución Tras contactar coa vicerreitora, o 06/05/2016 remítolle o escrito da interesada e transmítolle as seguintes consideracións: "Segundo comenta a alumna, o problema deuse por unha cuestión sobrevida que non lle sería imputable. De ser así, cumpriría ver de que maneira podería dársele unha solución axeitada. Ao parecer, o propio centro estaría a ofertarlle a dita solución, asignándolle outro destino, polo que se esa solución é academicamente viable e non prexudica a terceiras persoas, agradeceríalle que a tomasen en consideración. No caso de que a solución proposta polo centro puidese afectar a terceiras persoas con máis dereitos, agradeceríalle que se buscara outra alternativa na que, en todo caso, tampouco se visen minguados os dereitos que lle asisten á interesada."

O 26/05/2016 recibo resposta da directora da ORI, quen me comunica que estudantes con máis nota quedaron en listaxe de espera para ocupar praza na universidade que se lle ofertaba agora á reclamante desde o centro e que, polo tanto, deberían ser consultados por se querían ocupar esa praza, deixando, de darse o caso, a súa propia, o que levaría a facer unha reasignación de prazas. Este tipo de situacións dáse con certa frecuencia e resulta imprevisible, ao publicárense as materias que finalmente se imparten con posterioridade aos prazos de solicitude. Cando iso sucede, os estudantes teñen que acudir á segunda convocatoria. Envíase a resposta á interesada, quen nos solicita consello sobre se manter o destino que lle fora outorgado para cursar estudos nunha titulación afín (con recoñecementos limitados), ou rexeitar ese destino e arriscarse a solicitar praza na segunda convocatoria.

Curso 2014/2015

CASO 566/343 Data 02/09/2014

Reclamante: Alumna Motivo Denuncia a incorrecta aplicación das bases da convocatoria de prazas para estudantes na Residencia Universitaria Pública de Ferrol, así como o procedemento seguido para a notificación dos inicio: 05/09/2014 resultados, ao pasarse directamente da publicación dunha listaxe provisional de adxudicación de prazas a unha listaxe definitiva en Remate: 17/10/2014 que se recollen cambios moi notables sen explicación dos motivos.

Actuacións	Sección de Bolsas, Asesoría Xurídica e Vicerreitoría de Estudiantes, Deportes e Cultura.
Resolución	<p>Tras analizar a convocatoria e as listaxes provisional e definitiva de prazas adxudicadas, apréciase que a convocatoria ten unha organización e uns contidos difíciles de interpretar, que a pesar dos notables cambios producidos entre a listaxe provisional e a definitiva pasouse dunha a outra sen explicar os motivos e sen se consignar ningún novo prazo de reclamación adicional que dotase o proceso da axeitada seguridade xurídica. Ademais, os criterios de selección empregados na listaxe provisional parecían axustarse mellor ás bases da convocatoria que os empregados para a listaxe definitiva.</p> <p>Consúltase coa Asesoría Xurídica sobre o axuste á legalidade do procedemento levado a cabo para a adxudicación das prazas e pídesse informe á vicerreitora de Estudiantes, Deportes e Cultura. O informe, asinado pola xefa da Sección de Bolsas, conclúe que houbo un erro no programa informático que levou á adxudicación de prazas a persoas con menor puntuación na listaxe provisional, que o alumnado foi avisado dese erro polo que ninguén chegou a ingresar a fianza e que, ao considerar que se trataba dun erro material, este foi corrixido de oficio directamente coa publicación da listaxe definitiva, de xeito que as persoas adxudicatarias puidesen ingresar na residencia ao comezo do curso. O informe recolle tamén que houbo diversas renuncias e que a finais de setembro se chamara a todas as persoas estaban en agarda, aínda que moitas non aceptaron por teren xa un piso alugado.</p>

Curso 2013/2014

CASO 532/309 Data 18/10/2013

Reclamante: Alumno	Motivo	Móstrase en desacordo co requisito de “non estar matriculado en ningunha ensinanza universitaria” esixido para poder optar a unha bolsa para prácticas profesionais no estranxeiro (Proxecto Hi-Training, Programa sectorial Leonardo da Vinci). O alumno está matriculado nun mestrado na modalidade en liña, que sería compatible co traballo.
Inicio: 21/10/2013		
Remate: 30/10/2013		
Actuacións	Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación.	
Resolución	<p>A vicerreitora comenta que ante o número elevado de solicitantes do Programa sectorial Leonardo da Vinci, e dado que a súa xestión resulta laboriosa e complexa, moitas universidades deixaron de ofertalo e as que o ofrecen incorporan requisitos que, cumprindo coas bases e cos obxectivos do programa, acoutan dalgún xeito o número de expedientes para xestionar.</p> <p>Comunícase á vicerreitora que parece oportuno repensar, cando menos, o asunto do cumprimento dos requisitos, vinculando a esixencia do requisito de non estar matriculado co momento da aceptación da bolsa. A vicerreitora manifesta a súa disposición a repensar os requisitos para vindeiras convocatorias.</p>	

CASO 544/321 Data 05/03/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Reclama que se lle conceda un prazo de emenda de erros en trámites formais. Un elevado número de alumnos figuran como excluídos por “Non estar inscrito/a en bolsas.udc.es” na listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas na convocatoria de Bolsas Santander CRUE CEPIME.
Inicio: 06/03/2014		
Remate: 12/03/2014		
Actuacións	Vicerreitoría de Estudiantes, Deportes e Cultura, Secretaría Xeral e reitor.	
Resolución	Tras recadar información das partes implicadas, sorprende que se producirá a exclusión de preto de 500 solicitudes por “Non estar	

inscrito/a en bolsas.udc.es”, e que non se permita a reparación de erros formais. A existencia de tan elevado número de erros nas solicitudes dificilmente semella explicable a non ser pola existencia dalgún defecto no procedemento ou na actuación da Administración, polo que, o 7 de marzo, remito un escrito ao secretario xeral da Universidade para lle solicitar un estrito control de legalidade do asunto que permita garantir os dereitos de todos os solicitantes, tanto dos que figuran como excluídos na listaxe provisional como na dos xa admitidos.

Na resposta remitida polo secretario xeral ese mesmo día á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura e ao valedor universitario, recóllese: “... A pesar de ser un dereito procedemental básico recoñecido, non se menciona na convocatoria, nin tampouco se menciona a posibilidade de emendar erros na propia publicación da listaxe provisoria. Porén, entendo que, supletoriamente, dada a natureza xurídico-pública da Universidade, debería darse a posibilidade de emendar a solicitude neste trámite de publicación da listaxe provisoria, dando un prazo máximo de cinco días. Posteriormente, unha vez refeita a listaxe e elevada a definitiva, continuaría o procedemento...”

Tras a resposta recibida e pasados uns días sen que se proceda á publicación dun novo prazo para a emenda das solicitudes, o 12 de marzo remito un oficio á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura en que solicito a apertura do dito prazo atendendo ás consideracións do secretario xeral e en defensa das máximas garantías xurídicas para todos os candidatos.

Como queira que as miñas recomendacións á vicerreitora non se plasmaran aínda na esperada apertura dun prazo de emenda de erros, o 21 de marzo de 2014 envíoo un escrito ao reitor para poñelo ao corrente dos feitos e indicándolle: “A día de hoxe, o último documento que figura na web sobre a convocatoria de bolsas Santander CRUE CEPYME segue a ser a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, e o proceso de concesión de bolsas parece seguir cara a diante sen que se abra ningún período de emenda de erros”

A miña intervención no proceso remata o propio día 12 de marzo, cando aconsello ao alumno que, se o estimar oportuno, presente o correspondente recurso para unha maior seguridade xurídica.

CASO 556/333 Data 24/04/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Tras ser aceptado para unha bolsa de mobilidade internacional de estudantes do Programa Erasmus+, desde a Oficina de Relacións Internacionais comunicanlle que non cumpre cun dos requisitos da convocatoria, pois ao ter aboada a solicitude de expedición do seu título xa non estaba matriculado e, por tanto, xa non era alumno da UDC no momento da presentación da solicitude da bolsa. O interesado considera que cumpre todos os requisitos, pois o importe que aboara pola súa última matrícula era para todo o curso académico.
Inicio: 30/05/2014		
Remate: 30/05/2014		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Logo de comprobar que o reclamante tiña interposta reclamación noutras instancias, comunicaselle que deberá agardar a que se lle resolva a reclamación polo órgano competente, pois o valedor universitario non pode intervir en asuntos dos que xa se están a ocupar outros órganos (art. 16 do Regulamento do valedor universitario).

Curso 2012/2013

CASO 490/267 Data 31/10/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Denegación dunha bolsa de colaboración do MECD. A pesar de estar en disposición de cumprir cos requisitos esixidos (acadar a nota media e estar matriculado en todas as materias que lle restan para rematar os estudos), o día do remate do prazo de solicitude da bolsa (25 de setembro) as cualificacións obtidas nos exames da convocatoria de setembro non figuraban aínda no expediente, ao incumprirse a data límite de sinatura e entrega de actas, que fora fixada oficialmente para o día 24 de setembro.
Inicio: 31/10/2012		
Remate: 13/11/2012		
	Actuacións	Administración do centro e Vicerreitoría de Estudiantes, Deportes e Cultura.
	Resolución	Indícaselle ao alumno que ante a denegación da bolsa do MECD só lle quedaba interpoñer un recurso potestativo de reposición ou un recurso contencioso-administrativo. Recomendáselle que, aínda que as posibilidades de que prospere o recurso parecen poucas, pois nas bases da convocatoria figura explicitamente recollido que os requisitos que non figuren no expediente do solicitante na data en que remata o prazo de presentación de solicitudes non serán tidos en conta para os efectos da súa valoración para a concesión da bolsa, comente o caso coa dirección do centro e lles solicite un pequeno escrito de apoio para incorporar ao recurso, no que se indique que el cumpría cos requisitos pero que, por motivos sobrevidos, o centro se viu abocado a asinar as actas con posterioridade ao 25 de setembro. O valedor universitario contacta coa vicerreitora de Estudiantes, Deporte e Cultura para solicitarlle que, na medida das súas posibilidades, faga chegar ao Ministerio a necesidade de que para próximas convocatorias, ou ben se fixe un prazo de presentación das solicitudes máis amplo que dea fácil cabida ao alumnado de plans antigos que acode á convocatoria de setembro, ou se abra un prazo adicional que permita a incorporación das cualificacións acadadas nesa convocatoria e a achega dos correspondentes documentos acreditativos.

CASO 499/276 Data 15/01/2013

Reclamante: Alumnas/os	Motivo	Atrancos na tramitación de bolsas de alumnado procedente doutras universidades. Urxe unha solución.
Inicio: 15/01/2013	Actuacións	Vicerreitoría de Estudiantes, Deportes e Cultura e Sección de Bolsas.
Remate: 24/01/2013	Resolución	Na Sección de Bolsas confirman a paralización dos trámites por non estar habilitado aínda o programa informático para recoller os datos que por primeira vez pide o Ministerio de Educación, Cultura e Deportes para aquel alumnado que accede ao 2.º ciclo. O 16 de xaneiro remítese oficio á vicerreitora de Estudiantes, Deportes e Cultura en que se solicita información sobre o estado do asunto e sobre as medidas que se estaban a adoptar. O 23 de xaneiro a vicerreitora remite escrito ao valedor para lle comunicar que o problema técnico, que estaba a afectar ás tres universidades galegas, está sendo resolto e que as bolsas están a ser tramitadas para o seu envío ao MECD. Esta información é notificada ao interesado.

CASO 509/286 Data 13/03/2013

Reclamante: Rep. de estudiantes	Motivo	Problemas co xeito en que se están a outorgar as axudas predoutorais do Plan galego de investigación e, especialmente, por como se están a cubrir as vacantes. Concretamente, na modalidade A non se está a respectar o mínimo establecido de 12 contratos por ámbito de coñecemento.
Inicio: 14/03/2013		
Remate: 15/04/2013	Actuacións	Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
	Resolución	<p>O valedor universitario fala coas interesadas e procede a analizar o asunto. Apréciase que, en efecto, estanse a cubrir as vacantes a partir dunha única listaxe de agarda, común para todos os ámbitos, polo que hai ámbitos en que o número de contratos predoutorais queda por debaixo do mínimo establecido no artigo 3 da convocatoria (Orde de 18 de xullo de 2012). O valedor universitario contacta co vicerreitor de Investigación e Transferencia, infórmao deste parecer e pídelle que o analice e que, de chegar ás mesmas conclusións, informe do asunto á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que procedan a resolver de acordo coas bases da convocatoria.</p> <p>O vicerreitor concorda co valedor na irregularidade do proceso de cobertura de vacantes e contacta coa Xunta de Galicia. Concretamente, a resposta obtida é que a comisión de selección decidira crear unha única listaxe de agarda por modalidade, pois a creación de listaxes de agarda para cada modalidade e ámbito suporía manter activas 18 listaxes coa complexidade que isto comportaría. O problema está a repetirse exactamente igual na repartición das axudas postdoutorais, polo que desde a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia tentarán facer novas xestións ante a Xunta.</p> <p>Infórmase ás interesadas e comunícaselles que, de non producirse a oportuna rectificación por parte da Xunta na cobertura das vacantes, poden proceder á presentación do correspondente recurso.</p>

CASO 514/291 Data 16/05/2013

Reclamante: Alumnas/os	Motivo	Estáselles a reclamar o reintegro de parte ou da totalidade da cantidade que xa hai tempo percibiran como titulares de bolsas do MEC para cursaren o Mestrado de Profesorado. Consideran as reclamacións inxustas e extemporáneas.
Inicio: 27/05/2013		
Remate: 12/08/2013	Actuacións	Sección de Bolsas, Vicerreitoría de Estudiantes, Deportes e Cultura, Asesoría Xurídica e reitor.
	Resolución	<p>Os motivos polos que se lles reclama a devolución da bolsa céntranse no incumprimento dos requisitos que se recollen no artigo 21 da Orde EDU/2098/2011, do 21 de xullo, e da Resolución do 2 de agosto de 2012 da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades. As/os estudantes, procedentes de estudos de licenciatura, terían recoñecidos entre 24 e 36 créditos, e considérase que estes créditos non poden computarse ao serlles de aplicación o artigo 21.4: "As materias e créditos recoñecidos, validados e adaptados non se terán en conta a efectos do cumprimento dos requisitos académicos establecidos neste artigo". Os estudantes con 36 créditos recoñecidos perderían, así, a condición de bolseiros e aqueles que tiveran 24 créditos recoñecidos pasarían á condición de bolseiros por matrícula parcial.</p> <p>Logo de analizar a fondo as bases das convocatorias, o valedor universitario considera posible que a este alumnado puidera serlle de aplicación o apartado 2c ou o punto 3 do propio artigo 21, que establecen respectivamente: "Naqueles casos nos que, en razón da normativa propia da universidade resulte limitado o número de créditos en que poida quedar matriculado o alumno, este poderá</p>

obter todos os compoñentes da bolsas que lle correspondan de conformidade co disposto nesta convocatoria si se matricula en todos aqueles nos que lle sexa posible” e “O número mínimo de créditos fixado nos parágrafos anteriores en que o estudante debe quedar matriculado no curso para o que solicita a bolsa non será esixible, por unha soa vez, no caso dos estudantes aos que, para finalizar os estudos, lles quede un número de créditos inferior a dito número mínimo”. O valedor solicita, daquela, informe técnico á xefa da Sección de Bolsas quen, nun detallado escrito, considera que, interpretando o artigo 21.4 como están a facelo, están a aplicar a normativa vixente de acordo coas directrices recibidas do Ministerio, e sinala que o artigo 30 apdo. f recolle como obriga das persoas beneficiarias a de “Poñer en coñecemento da entidade concedente a anulación da matrícula así como calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa”.

O valedor contacta coa vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura e mais co reitor, transmítelles a súa impresión e a preocupación polo importante impacto económico que a devolución das bolsas tería para a economía das/os reclamantes e/ou as súas familias, e solicítalles extremar ao máximo o control de legalidade por se tivese cabida outra interpretación do referido artigo 21 que posibilitara poñer fin ás reclamacións de reintegro. Desde a Reitoría, solicítase informe á Asesoría Xurídica, o cal corrobora a interpretación que están a aplicar na Sección de Bolsas.

O valedor universitario trata de dilucidar as causas do que terían sido entón un conxunto de concesións anómalas, e considera que o incumprimento do artigo 30 aptdo. f por parte do alumnado pode achacarse á dificultade de interpretación do artigo 21.4, e máis cando en anos precedentes, e nas mesmas circunstancias, se viñeran concedendo esas bolsas na súa integridade de maneira xeneralizada. No entanto, os puntos 1 e 2 do artigo 32 (Xustificación previa) e o aptdo. 1.3 do artigo 12 (Adaptacións, validacións, recoñecemento e transferencias) implican á administración universitaria no control da tramitación das solicitudes de bolsas.

Tendo en conta todo isto, considerando os graves prexuízos que a devolución parcial ou total do importe das bolsas (de 2000 a 4400 euros) causaban aos interesados, poñendo o foco na moi difícil situación económica que varios deles estaban a transmitir, e á vista de que non se estaba a dar ningún tipo de solución, o valedor universitario remite un escrito ao reitor, no que tras relatar os feitos sinala: “Por todo iso, e tendo en conta a parte de responsabilidade que puidera corresponder á nosa Universidade neste asunto, solicito unha actitude máis aberta da Institución para contribuír, cando menos, a dar unha saída digna aos casos máis perentorios: acceso a fondos sociais, aprazamento de pagos ou calquera outra solución viable.”

CASO 526/303 Data 26/07/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	Denéganlle unha bolsa de colaboración da UDC para formación complementaria. A pesar de encabezar todas as listaxes que ían saíndo, publícase unha segunda listaxe definitiva na que pasa a figurar como primeira suplente. Tiña un ano e oito meses de experiencia laboral, que non incluíu entre os seus méritos porque na administración lle informaron de que se a experiencia laboral non gardaba relación co campo de estudo nin se molestase en incluíla. O curso pasado quedara primeira suplente por un problema informático relacionado coa carga de documentos e, logo de explicalo, comentóuselle que non tiña solución. Ese mesmo problema produciuse tamén neste curso e ao solucionalo
Inicio: 29/07/2013		
Remate: 31/07/2013		

	pasou de titular a suplente.
Actuacións	SAPE e Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura.
Resolución	<p>Vista a convocatoria e analizadas as listaxes e resolucións que se produciron en relación con cada unha das bolsas solicitadas pola reclamante (aula net, formación en laboratorios e medio ambiente), o valedor solicita información do SAPE. Tras recibir unha contestación en que se pon de manifesto que houbo problemas coa aplicación informática e se sinala que “Dado que a convocatoria non especifica que o traballo teña que ver co obxecto das bolsas, valorouse toda experiencia acreditada por certificados/vida laboral, etc.”, o valedor remite oficio á presidenta da Comisión de Extensión Universitaria, en que lle solicita unha atenta análise por parte da Comisión das causas alegadas pola interesada e que, de consideralo xusto, se arbitren os mecanismos para que lle sexa outorgada unha bolsa de colaboración.</p> <p>Entre outros aspectos, o valedor destaca no seu escrito que ao seu xuízo a valoración de toda experiencia acreditada aínda que non teña que ver co obxecto das bolsas non parece procedente nin esperable, mesmo a pesar do carácter xenérico co que se recolle na convocatoria (2.1. “Experiencia documentada: prácticas, traballo”). Polo tanto, mesmo se o espírito do apartado 2.1 da convocatoria fose o de premiar sen máis o desenvolvemento de calquera práctica ou o desempeño de calquera traballo, isto debería aparecer claramente especificado na convocatoria como unha especie de recoñecemento ao esforzo persoal e non como unha “Experiencia documentada: prácticas, traballo” formando parte dun conxunto de criterios (“Outros méritos”) nos que se aprecia claramente que todos os demais teñen que ver coa formación académica dos candidatos...» O 10 de outubro, a reclamante dirixese de novo ao valedor para comunicarlle a concesión da bolsa e agradecerlle a súa intervención. O 31 de outubro, a vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura comunica ao valedor que a intención, neste tipo de convocatorias, é a de considerar calquera experiencia laboral, aínda que sexa completamente allea á formación académica e ás tarefas de colaboración que se van desempeñar.</p>

Curso 2011/2012

CASO 440/217 Data 28/09/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Erros no expediente académico que lle impiden solicitar unha bolsa para un mestrado.
Inicio: 28/09/2011	Actuacións	Administración do centro e Sección de Bolsas.
Remate: 29/09/2011	Resolución	Infórmaselle á reclamante de que pode seguir cos trámites da bolsa; os problemas informáticos que afectaban ao cálculo das medias dos expedientes xa se estaban a solucionar.

CASO 441/218 Data 30/09/2011

Reclamante: PAS	Motivo	Solicitud de informe sobre un incidente relacionado co atraso no pagamento das bolsas Leonardo da Vinci, que fora tratado persoalmente na oficina do valedor universitario.
Inicio: 05/10/2011	Actuacións	Normativa.
Remate: 05/10/2011	Resolución	Redáctase o informe solicitado pola persoa interesada.

CASO 454/231 Data 16/12/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Falla de pagamento da metade dunha bolsa por parte da empresa onde realizou as prácticas remuneradas ao abeiro dun convenio de
--------------------	--------	--

Inicio: 19/12/2011		cooperación educativa. A reclamante indica que un compañeiro seu se atopa na mesma situación.
Remate: 09/05/2012	Actuacións	Responsable das prácticas externas do centro, Asesoría Xurídica e Secretaría Xeral.
	Resolución	Desde a Secretaría Xeral envíase un escrito á empresa, en que se lle insta a cumprir cos compromisos adquiridos no convenio asinado coa UDC e, en consecuencia, a pagarlles aos alumnos as cantidades adebedadas.

CASO 459/236 Data 12/01/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Concesión irregular de bolsas para estadias. Denuncia de agravios comparativos alegando que non se presentara á convocatoria porque incumpriía un dos requisitos e resultou que outros estudantes, nas mesmas circunstancias, que si se presentaron si lles foi outorgada.
Inicio: 13/01/2012		
Remate: 19/01/2012	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
	Resolución	Unha vez outorgadas as bolsas a quen cumpría cos requisitos estipulados, a comisión correspondente considerou tamén as solicitudes de quen non cumpría co requisito para así evitar deixar desertas un certo número de bolsas. Dirixese un informe á vicerreitora e presidenta da comisión en que se recomenda para próximas convocatorias que se recolla tamén a posibilidade de participación de estudantes que non cumpren con ese requisito por se quedase algún remanente. Para paliar ou, cando menos, aliviar a sensación de agravio comparativo xerada nesta ocasión, solicítaselle que se consideren as seguintes posibilidades: 1) Retrotraer a convocatoria ao inicio para dar cabida a todas as persoas solicitantes que incumpriían o requisito; 2) Anular a adxudicación de bolsas a quen non cumpríu estritamente cos requisitos e publicar unha segunda convocatoria para a adxudicación desas bolsas aberta ás persoas candidatas que incumpriían o requisito; 3) Se por cuestións legais ou de prazo estas dúas opcións resultaren inviables, debería considerarse a posibilidade de que a UDC outorgara, <i>motu proprio</i> , de maneira excepcional, e tras o correspondente proceso de selección por méritos, un complemento económico a un mesmo número de estudantes que os que obtiveron bolsa sen cumprir estritamente cos requisitos da convocatoria. Infórmase de todo isto á reclamante, ao tempo que se lle comunica que, por non ser ela parte directamente implicada no procedemento, non tería cabida un recurso seu contra a resolución da convocatoria.

CASO 473/250 Data 10/04/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Denegación de ampliación de estadia Erasmus.
Inicio: 11/04/2012	Actuacións	Coordinador Erasmus do centro, Oficina de Relacións Internacionais e normativa.
Remate: 12/04/2012	Resolución	Infórmase ao alumno de que, segundo o Regulamento de mobilidade da UDC, só se concede unha ampliación do período de mobilidade inicialmente previsto e que a el xa lle fora concedida unha ampliación con anterioridade.

CASO 481/258 Data 27/07/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Situación de desamparo producida pola falla de pronunciamento do órgano competente para resolver unha cuestión relativa a unha solicitude de renovación para continuar a gozar dun programa de mobilidade SICUE-Séneca.
Inicio: 31/07/2012		

Remate: 31/07/2012	Actuacións	Servizo de Estudantes.
	Resolución	Comunicáselle ao interesado que, segundo nos comentan no Servizo de Estudantes, vén de elaborarse un informe que lles foi solicitado en relación coa súa solicitude dirixida á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura e presidenta da Comisión Seleccionadora do Programa SICUE. Indícaselle tamén que, dado que o asunto está inmerso nun procedemento administrativo, é todo canto se lle pode informar ao respecto.

Curso 2010/2011

CASO 395/172 Data 05/11/2010

Reclamante: Alumno	Motivo	Incumprimento de contrato en relación cunha bolsa para estadía formativa no estranxeiro.
Inicio: 11/11/2010	Actuacións	Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa e Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
Remate: 12/11/2010	Resolución	Asunto pendente de resolución reitoral. Remisión de oficio ás vicerreitorías citadas en que se lles comunica a reiteración dese tipo de queixas e se lles solicita a súa intervención para que os fallos detectados non se reproduzan en futuras convocatorias.

CASO 400/177 Data 22/12/2010

Reclamante: Alumno	Motivo	Denegación de bolsa por erro material no expediente académico.
Inicio: 23/12/2010	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais e Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións.
Remate: 13/01/2011	Resolución	Infórmase ao reclamante das respostas proporcionadas polas citadas vicerreitorías e a Sección de Bolsas.

CASO 401/178 Data 03/02/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Demora no ingreso de bolsa con repercusión no ingreso reclamado pola organización do país de destino.
Inicio: 04/02/2011	Actuacións	Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa e Xerencia.
Remate: 04/02/2011	Resolución	Infórmase á reclamante de que o crédito desbloquearase de inmediato.

CASO 407/184 Data 23/03/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Incumprimento das normas de organización e distribución de prazas de intercambio Erasmus/Séneca.
Inicio: 24/03/2011	Actuacións	Coordinadora do programa no centro.
Remate: 24/03/2011	Resolución	Infórmase á reclamante das explicacións dadas pola coordinadora segundo as cales non se cumpriron as normas.

CASO 419/196 Data 10/06/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Graves problemas de xestión administrativa para a incorporación á universidade de destino cunha bolsa de intercambio.
Inicio: 13/06/2011	Actuacións	Dirección da Oficina de Relacións Internacionais (ORI).
Remate: 13/06/2011	Resolución	A directora da ORI ponse en contacto coa reclamante para lle manifestar que ela mesma contactou ao respecto coa directora de Relacións Internacionais da universidade de destino e que o

convenio entre as universidades está en trámite de sinatura para que poida incorporarse sen problemas; finalmente, ponse ao seu dispor para calquera outra información que precise.
